

A nosa patria é a memoria

Rosa Aneiros

Manifesto polo Día da patria do Concello de Fene, en xullo de 2006

A nosa patria é a memoria.

Cabalga dende a noite dos tempos a través de milleiros de voces. Son voces que aturuxan, latrican, laian e proen dende un lugar ignoto do pasado onde recoñecemos as pegadas oblicuas da nosa identidade.

Nacemos dun eco de multitudes. Dos ósos que constrúen castelos de marfil baixo a nosa sombra. Dos remuíños das mareas nos sotos da clandestinidade. Do peito dos paporrubios no sol desgarrador de maio nos cárceres. Das pestanas entrelazadas de cereixas de todos os campos de concentración. Do ceo de silencio ametrallado sobre un campamento de refuxiados. Por iso, neste Ano da Memoria, no aniversario do inicio da guerra civil que nos desangrou, traemos todas esas voces. Arrastrámolas dende as gabias onde foron asasinados, dende o exilio e dende o silencio aterrado do interior mantiveron vivo o facho da liberdade. Un facho vivo que alumeou durante a longa noite de pedra en que morreron tantos ideais e tantos outros se afortalaron para construíren unha patria. Para construírmonos. Velaquí a patria. Velaquí Luís Seoane, Lorenzo Varela, Maruxa Mallo, Syra Alonso. Velaquí Ánxel Casal, Alexandre Bóveda. Velaquí María Miramontes, Castelao, Blanco Amor. Velaquí milleiros de anónimos que viviron a guerra civil, os campos de refuxio en Francia, os campos de concentración en Alemaña, a resistencia de París durante a Segunda Guerra Mundial, a ditadura de Trujillo en Santo Domingo, a de Pinochet en Chile.

A nosa patria é a memoria. A súa voz só é un elo. Un tránsito. O eco que han herdar os que veñan, para que o fagan seu coma nós o fixemos respiración. Como o convertemos en vísceras da memoria propia, en pegadas desta patria que recoñecemos como nosa. A nosa patria é memoria que queremos converter en futuro. Non só unha queixa, non só un lamento, senón os alicerces sobre os que queremos asentar o mañá. Para non esquecer. Para vivirmos a patria que soñamos e soñaron tantas voces.